



Impacto dos festivais de cinema

Informe 2022 Proxecta Coordinadora
Galega de Festivais de Cinema



proxecta
coordinadora galega
de festivais de cinema



*Impacto dos festivais de cinema. Informe 2022 Proxecta Coordinadora de
Festivais de Cinema de Galicia*

Informe realizado co apoio da Deputación da Coruña

Deseño e maquetación: Catro Ventos Editora

Xaneiro 2022

proxecta.org

CONTIDO

1. Presentación	4
2. Proxecta, a coordinadora dos festivais de cinema de Galicia	6
3. Festivais de cinema, desenvolvemento local e emprego	8
4. Públicos dos festivais de cinema	9
5. Cinema galego: estreas, creación, talento	10
6. Festivais de cinema e Axenda 2030	11
7. Orzamentos festivais Proxecta 2022	13
8. Subvencións festivais sector audiovisual Administraci3ns p3blicas 2018-2022	14
9. Conclusi3ns	16

1. Presentación

Tras a anomalía vivida durante dous anos de pandemia, o ano 2022 demostrou a necesidade da poboación de participar na acción cultural e volver ser parte dunha axenda alterada pola longa crise do coronavirus, así como a necesidade de axentes creadores e profesionais de rehabilitar os seus espazos de traballo e as súas redes de colaboración. O festivais de cinema non foron alleos a esta recuperación global con máis de **150.000 persoas** participando, de maneira presencial e virtual, das propostas nos dezaioito eventos acubillados na coordinadora Proxecta no ano 2022. Non hai que esquecer que, no ámbito cultural, os festivais —cinema, música, artes escénicas— foron os grandes afectados pola pandemia debido á súa esencia de interacción física, fronte ao sector editorial ou, mesmo, fronte ás plataformas audiovisuais, que reforzaron o seu posicionamento ante o público.

Os festivais galegos adheridos á coordinadora Proxecta mostraron en 2022 o seu potencial en impacto social, económico e, por suposto, sectorial. Alén da súa natureza como espazos de estreas, promoción do cinema e do talento así como de punto de encontro da profesión e as súas audiencias, o mapa dos festivais galegos responde a unha diversificación e especialización que se traduce na participación de públicos cun amplo espectro de intereses e inquiredanzas. Xeograficamente, os festivais Proxecta trazan un mapa de costa e interior, de cidades e vilas, no que gozan dun papel protagonista na axenda cultural.

Esa diversificación de obxectivos e contidos traza propostas moi definidas que van afianzando os seus perfís sen complexos: festivais de curtas, de documentais, cinema fantástico ou de artes cruzadas, pero tamén festivais ao redor da etnografía contemporánea, dos recursos do mar ou do riso como arma de supervivencia, así como propostas co foco nos novos talentos, na inclusión social ou mesmo nos propios procesos de creación. No seu conxunto, os festivais de cinema Proxecta cumpren de maneira exhaustiva a función de sistemas de distribución alternativos á grande industria e, analizando as súas programacións, non queda dúbida do seu carácter de plataformas de descubertas e de despegue para novos talentos.

Cun compromiso claro de apoiar e promocionar o cinema feito en Galicia, como así o demostran os datos incluídos neste informe de impacto Proxecta 2022 apoiado pola Deputación da Coruña, os festivais crean espazos que son punto de encontro para profesionais, públicos e outros axentes sociais e culturais. Crean comunidade e convértense en espazos de paso obrigado para o sector. O groso dos festivais adheridos a Proxecta atenden á realidade da contorna e do planeta, responden ás súas audiencias e apoian a creación galega. A calidade e o desafío están no seu cerne, pero tamén a andaina emprendida de maneira conxunta, grazas á cohesión dentro de Proxecta, cara ao traballo sustentable, como poderemos comprobar neste informe de impacto 2022.

2. Proxecta, a coordinadora dos festivais de cinema de Galicia

Proxecta é unha asociación sen ánimo de lucro que aposta pola defensa e posta en valor dos festivais e mostras de cinema e audiovisual de Galicia, así como pola promoción dos contidos e valores artísticos e culturais que estes impulsan. Proxecta ten a vocación de traballar pola defensa e o impulso dun sector que hoxe constitúe un dos máis fértiles e activos do panorama cultural galego, tanto polo nivel e variedade das súas propostas artísticas e culturais, como polo volume de actividade e de atención ao territorio que desenvolven. Proxecta nace o 30 de maio de 2018 e en 2022 integra 18 festivais e mostras de cinema e audiovisual que se estenden por toda a xeografía galega, que atenden a diversos xéneros e formatos, e que reúnen un importante volume de actividades, públicos e equipos profesionais a través dos seus programas de exhibición, formación e promoción do cinema.

Forman parte de Proxecta en 2022:

- Carballo Interplay (Carballo) 6-9 abril
- Cineuropa (Santiago de Compostela) 4-20 novembro
- Curtas Festival do Imaxinario (Vilagarcía de Arousa) 21-30 outubro
- Curtocircuíto (Santiago de Compostela) 1-9 outubro
- Chanfaina Lab (San Sadurniño) 1-4 setembro
- FanCine Lemos (Monforte) 6-10 xullo
- Festival de Cans (O Porriño) 17-21 maio
- Festival de Cinema Inclusivo (Vigo) 18-22 outubro
- Festival Internacional de Curtas de Verín (Verín) 30 agosto-4 setembro
- Festival RiR (Allariz) 5-10 setembro
- FICBUEU (Bueu) 11-24 setembro
- Galician Freaky Film Festival (Vigo) 23, 28, 29, 30 setembro, 1 outubro
- Intersección (A Coruña) 18-23 outubro
- MICE Museo do Pobo (Santiago de Compostela) 28 marzo-2 abril
- Mostra Mares da Fin do Mundo (Outes) 28 outubro-1 novembro
- Novos Cinemas (Pontevedra) 13-18 decembro
- Play-Doc (Tui) 4-8 maio
- (S8) Mostra de Cinema Periférico (A Coruña) 25 maio-4 xuño



Os **obxectivos de Proxecta** son:

- Difundir e poñer en valor os festivais, mostras e eventos cinematográficos de Galicia, así como as programacións e principios que estes promoven, tanto dentro da Comunidade Autónoma como a nivel nacional e internacional.
- Impulsar os espazos de encontro e o uso de ferramentas e recursos compartidos entre os seus asociados, e entre estes e o resto de axentes relacionados co cinema e a cultura audiovisual en Galicia.
- Establecerse como un interlocutor para levar a cabo un diálogo permanente coa administración e cos diversos organismos vinculados ao cinema, o audiovisual e á programación cultural na toma de decisións que afectan ao sector.
- Promover a colaboración e o diálogo con outras entidades e axentes culturais, sociais e académicos para a promoción do cinema na sociedade galega.
- Contribuír ao desenvolvemento e mellora do cinema galego nas súas etapas de creación, produción e distribución, ao tempo que promover a súa programación, crítica, investigación e difusión.
- Apoiar e contribuír á defensa e desenvolvemento do sector profesional do cinema e do audiovisual en Galicia, así como recoñecer e favorecer as iniciativas de afeccionados, respectando os espazos que lle son propios a cada un.
- Mellorar a comunicación e difusión dos festivais de cinema de Galicia e favorecer a súa presenza nos medios.
- Impulsar as boas prácticas profesionais, a xestión responsable e rigorosa, as boas prácticas laborais e sociais, a programación de calidade e diversa, así como o diálogo entre os festivais, mostras e eventos de cinema de Galicia, e entre estes e outros axentes relacionados.
- Posicionar o cinema galego como marca ou polo de interese social e cultural para Galicia, e referente valioso dende fóra dela.
- Apoiar os fins sociais de acceso a unha cultura diversa e de fomento da igualdade, e defender as políticas de apoio á creación, á pluralidade e liberdade de expresión, e pola dignificación do traballo cultural.
- Propoñer medidas para a mellora da situación e da sustentabilidade dos festivais de cinema de Galicia, e para favorecer a circulación de filmes e catálogos apoiados por eles dentro e fóra da Comunidade.
- Servir de espazo de encontro permanente e punto de apoio e asesoramento profesional para os seus asociados e, no seu caso, para outras persoas e entidades interesadas.
- Estudar e analizar o impacto sociocultural dos festivais de cinema e difundir o seu valor entre os medios, as administracións e a sociedade.

3. Festivais de cinema, desenvolvemento local e emprego

A acción cultural está no cerne do desenvolvemento local como un elemento fundamental de cohesión social, contribución á economía e á calidade de vida. Os festivais de cinema en Galicia mobilizan milleiros de persoas cada ano e, no caso daqueles adheridos a Proxecta, máis de 1.700.000 euros de investimento cultural. Ademais do apoio ao talento e á creación do país e de servir como plataforma de exhibición e difusión de obras que non se integran no circuíto comercial, os festivais reforzaron nos últimos tempos **o seu papel impulsor na economía local, no emprego, no turismo e, tamén, na formación audiovisual para diferentes públicos (comunidade educativa, novos creadores, profesionais do sector).**

Como se recolle no apartado «Festivais de cinema e Axenda 2030» deste mesmo informe, os festivais de cinema Proxecta contribúen de maneira significativa á igualdade de xénero, á creación e promoción de novos talentos e á creación de emprego ao redor da acción cultural e do feito cinematográfico. Con relación a este último aspecto, cómpre destacar o impulso dos festivais de cinema dende o sector cultural privado en Galicia, no que non abundan as ofertas laborais, e o máis que notable compromiso dalgúns dos socios de Proxecta para xerar equipos estables que traballen alén das datas de produción e desenvolvemento dos eventos, co obxectivo de ofrecer emprego de calidade a profesionais do audiovisual e doutras ramas da xestión cultural.

Os diferentes festivais de cinema inciden de maneira positiva na economía local das diferentes localidades e comarcas nas que se celebran: a contratación de servizos e produtos de proximidade a través de provedores locais ou o estímulo para o turismo que supoñen son dous exemplos claros da potencialidade destes eventos como xeradores de riqueza. A coordinadora Proxecta amosou dende a súa constitución en 2018 a preocupación por formar e sensibilizar os festivais adheridos en aspectos económicos, xurídicos e de difusión que repercutan nunha execución exemplar do traballo de produción dos eventos.

A respecto disto último, é destacable o esforzo dos diferentes festivais por chegar cada vez a máis públicos, en cantidade pero tamén en diversidade. Cada ano son máis numerosas as iniciativas postas en marcha nas programacións dos festivais coa comunidade educativa e con colectivos de risco e exclusión social. Destacables son ademais as iniciativas conxuntas baixo o paraugas Proxecta como a levada a cabo en 2022 dirixida ao público maior co programa de cinema itinerante en residencias da terceira idade. Esta iniciativa contou coa colaboración da Deputación da Coruña.

4. Públicos dos festivais de cinema

Nos balances dos festivais de cinema adheridos á coordinadora Proxecta repetiuse frecuentemente a palabra «histórico» á hora de avaliar as edicións 2022. Por unha banda, viviuse a superación da paréntese anómala da pandemia, que, se ben non provocou a suspensións dos festivais en 2020 e 2021, cambiou substancialmente as regras do xogo para promotores e públicos. Pero, ademais, en 2022 os eventos cinematográficos obxecto deste informe acadaron cifras de participación memorables con máis de 150.000 espectadores nas súas programacións. De xeito presencial e online, o público respondeu de maneira extraordinaria ás proxeccións de filmes **(ao redor de 1.300 obras pasaron polo conxunto dos festivais, con máis de 500 estreas en Galicia)**, encontros e outras actividades deseñadas polos festivais **(preto de 300 no seu conxunto)**. **+ de 150.000 espectadores nos festivais Proxecta 2022**

Este balance non pode obviar o crecemento progresivo da participación online nos eventos que, xa non se pode concibir e analizar simplemente como unha práctica provocada ou obrigada pola pandemia planetaria, senón que manifesta en 2022 a curiosidade en aumento dos públicos virtuais polas programacións propostas, así como as posibilidades de ampliar horizontes para os festivais galegos. Se ben hai casos no seo de Proxecta nos que o feito presencial é esencial, como poden ser os festivais de Cans (O Porriño), FanCine (Monforte de Lemos) ou Cineuropa e Cur-

tocircuíto en Santiago de Compostela, outros como (S8) da Coruña, MICE (Compostela), Chanfaina Lab (San Sadurniño), FICBUEU ou Cinema Inclusivo (Vigo) reflicten nas cifras o importante peso do público dixital, con casos de destaque como Play-Doc (Tui) cuxa audiencia online amplifica de maneira extraordinaria o alcance como evento físico, grazas en boa parte á alianza coa plataforma Filmin.



5. Cinema galego: estreas, creación, talento

Como xa se apuntou neste informe, entre os obxectivos de Proxecta como coordinadora de festivais, o apoio ao cinema galego non só é un dos fundamentais, senón tamén fundacional. Por unha banda, contribuír ao desenvolvemento e mellora do cinema galego nas súas etapas de creación, produción e distribución, ao tempo que promover a súa programación, crítica, investigación e difusión. Ademais, apoiar e contribuír á defensa e desenvolvemento do sector profesional do cinema e do audiovisual en Galicia, así como recoñecer e favorecer as iniciativas de afeccionados, respectando os espazos que lle son propios a cada un.

O cinema galego é protagonista nas edicións 2022 dos festivais Proxecta, tanto no referente aos pases de obras nas súas diferentes seccións, coma en actividades programadas ao redor dos procesos audiovisuais, sexan encontros, charlas, laboratorios ou accións formativas. Leváronse a cabo **máis de 300 proxeccións de obras galegas na suma de todos os eventos** cunha media en 2022 entre os dezaioito festivais Proxecta que supera o 20% de produción de Galicia no conxunto das programacións.

+ de 300 proxeccións galegas nos festivais Proxecta 2022



6. Festivais de cinema e Axenda 2030

O 8 de xullo de 2021 presentábase aos medios no Museo das Peregrinacións de Santiago de Compostela o Pacto Cultura Sustentable coa coordinadora Proxecta como un dos seus actores principais. Vinte e sete festivais de cinema e música daban un paso á fronte ao converterse en referente no desenvolvemento dos eventos sostibles, nun exercicio de responsabilidade co planeta, coa contorna e co seu público.

Ademais do pacto medioambiental, a iniciativa pon sobre a mesa os compromisos na dimensión social dos eventos coa igualdade de xénero, coa economía local e coa accesibilidade. En 2022, no marco do Pacto, o traballo dos festivais xirou ao redor de catro grandes obxectivos: **eliminar barreiras de accesibilidade, eliminar os plásticos dun só uso, medir a pegada de CO₂ e identificar os grupos de interese.**

Tras analizar os resultados incluídos no informe **Impactos positivos: procesos, accións, futuros** (dispoñible para descarga en proxecta.org), sobre os festivais de cinema adheridos á coordinadora Proxecta, este é un resumo dos resultados:

No ámbito social, destacan as accións e resultados que impactan en dous dos obxectivos que o Pacto Cultura Sustentable fixaba como prioritarios para o ano 2022. Por unha banda, en relación á igualdade e diversidade; obvio é xa que non hai festivais de cinema sen mulleres e, mesmo, no caso dos que son obxecto deste informe, atopamos un 25% nos que as mulleres xa copan os postos de responsabilidade no equipos organizativos. Non é unha cifra anecdótica se a comparamos con proxectos culturais doutros ámbitos como o musical ou o editorial. En relación co deseño de contidos e programacións, obsérvase que ningún festival de cinema ofrece menos dun 20% deles achegados por mulleres.



Por outra banda, **tamén no marco do social** e como obxectivo prioritario do Pacto en 2022, vemos como medra a preocupación por deseñar eventos accesibles. Ata o momento, os festivais centráronse na accesibilidade física; os esforzos no futuro deben dirixirse a fuxir do que establece a nosa sociedade a diario, cunha contorna, se non hostil, disuasoria para milleiros de persoas con capacidades diferentes, e afondar en cuestións como a accesibilidade auditiva e visual.

No ámbito medioambiental, os festivais analizados non teñen un impacto tan significativo coma outros eventos por razóns como a súa dimensión ou, na maioría das ocasións, o seu carácter *indoor*. A maior parte dos festivais desenvolven a súa actividade en instalacións e recintos que non son da súa titularidade ou xestión directa, circunstancia que condiciona as súas accións e resultados nesta materia. É de destacar o traballo progresivo que todos eles desenvolven para mellorar a recolla selectiva de residuos e os compromisos de mellora en materias como o uso das enerxías e dos materiais sustentables.

No ámbito económico, aínda tendo en conta os diferentes graos de interacción e impacto dos festivais na súa contorna, hai que recoñecer que levan a cabo accións propostas como a colaboración con empresas de proximidade e o apoio á creación artística local. As colaboracións e alianzas coa produción e negocio local, coa finalidade de traballos técnicos, *hospitality* ou oferta gastronómica, é moi notable no conxunto dos festivais de cinema.

Nas conclusións do informe mencionado tamén se sinala que as razóns polas que non se implantan ou desenvolven máis accións de impacto positivo no social, ambiental e económico son, en máis da metade das ocasións, falta de orzamento, falta de coñecemento/formación, falta de tempo e falta de persoal para levalas a cabo, segundo indican os responsables dos festivais.



7. Orzamentos festivais Proxecta 2022

Carballo Interplay (Carballo)	105.375 €
Cineuropa (Santiago de Compostela)	300.000 €
Curtas Festival do Imaxinario (Vilagarcía de Arousa)	75.000 €
Curtocircuíto (Santiago de Compostela)	180.000 €
Chanfaina Lab (San Sadurniño)	15.000 €
FanCine Lemos (Monforte)	30.000 €
Festival de Cans (O Porriño)	260.000 €
Festival de Cinema Inclusivo de Vigo	23.818 €
Festival Internacional de Curtas de Verín	53.662 €
Festival RiR (Allariz)	15.000 €
FICBUEU	121.487,66 €
Galician Freaky Film Festival (Vigo)	37.000 €
Intersección (A Coruña)	115.762,51 €
MICE Museo do Pobo (Santiago de Compostela)	28.000 €
Mostra Mares da Fin do Mundo (Outes)	42.000 €
Play-Doc (Tui)	150.000 €
(S8) Mostra de Cinema Periférico (A Coruña)	185.000 €

8. Subvencións festivas sector audiovisual Administracións públicas 2018-2022


Subvencións festivas sector audiovisual AGADIC-Xunta de Galicia 2018-2023

2018	140.000 €
2019	170.000 €
2020	190.000 €
2021	200.000 €
2022	210.000 € (193.407,56 € partida executada)
2023	225.000 €

Subvencións festivas sector audiovisual ICAA (Instituto de la Cinematografía y de las Artes Audiovisuales), Ministerio de Cultura y Deporte 2018-2022

2018	739.000 €
2019	739.000 €
2020	640.000 €
2021	1.135.456 €
2022	1.311.924 €





Subvencións festivais sector audiovisual Deputación de Pontevedra

2018	90.000 €
2019	130.000 €
2020	130.000 €
2021	150.000 €
2022	150.000 €

Subvencións festivais coordinadora Proxecta Deputación da Coruña*

2018	194.877,09 €
2019	203.552,98 €
2020	186.541,78 €
2021	191.844,61 €
2022	183.392,07 €

*Programa FO221: Subvencións a concellos e entidades locais para o apoio ao desenvolvemento de festivais audiovisuais, musicais e de artes escénicas na provincia da Coruña. Neste caso indicamos os importes conxuntos correspondentes a Curtocircuíto e Cineuropa (Santiago de Compostela), Carballo Interplay, Mares da Fin do Mundo (Outes) e Chanfaina Lab (San Sadurniño). Este último non se celebrou nos anos 2020 e 2021. No caso de (S8), Intersección e MICE, as subvencións da Deputación da Coruña canalízanse no programa FO223 dedicado a festivais de entidades sen ánimo de lucro. En 2022, estes tres festivais recibiron en total 74.000 euros dentro desta liña de subvencións.

9. Conclusións

Os festivais de cinema adheridos á coordinadora Proxecta pecharon as súas edicións 2022 cun balance global positivo en termos de impacto social e económico despois de dous anos marcados pola crise mundial da COVID-19, unha crise que evidenciou, respecto da acción cultural, a relevancia desta para o desenvolvemento humano e social, por unha banda, e, porén, a vulnerabilidade e inestabilidade do traballo dos axentes culturais nun contexto de crise como a vivida, que mostrou as dificultades de profesionalización na maioría dos ámbitos do sector cultural galego.

Máis de 150.000 persoas participaron nos dezaioito eventos Proxecta durante 2022, que mobilizaron, no seu conxunto, máis de 1.700.000 euros de orzamento que se invisten no territorio. Alén das cifras económicas e de asistencia, relevantes sen ningunha dúbida, os festivais de cinema volveron demostrar o seu compromiso como xeradores de emprego, activadores das economías locais, implicados na atracción dun turismo cultural sustentable e aliados inequívocos da creación audiovisual galega. E son estas características as que dan a medida do retorno dos festivais de cinema para a sociedade galega: como parte dun sistema cultural que é motor de desenvolvemento e como espazos que envolven as diferentes maneiras que ten a cidadanía de expresarse na vida cultural.

Por esta razón, neste balance de impacto de 2022 queremos destacar o compromiso dos festivais Proxecta coa sociedade, pola súa pluralidade de enfoques e polo seu emprazamento, non só nas cidades do Eixo Atlántico, senón nunha xeografía que inclúe cidades pequenas e vilas, de costa e interior, nas que estes eventos se deixan apropiar pola comunidade. Boa parte do valor das propostas dos festivais reside nesa vontade de cohesionar, de afianzar un sentido de pertenza á comunidade, cun traballo fundamental por incentivar a participación social. Só é preciso botar un ollo ás propostas dos festivais Proxecta en 2022 para comprobar que destacan no sistema cultural galego, pola súa maneira de entender a prácticas dos dereitos culturais. Nos festivais Proxecta, a comunidade local, os colectivos non sempre atendidos nas políticas

culturais e os novos públicos teñen un lugar especial de participación. Tamén a memoria colectiva, nas súas dimensións histórica, artística e patrimonial, ten un espazo destacado en moitos dos eventos como elemento clave para enxergar o futuro, no social e no cinematográfico.

Para o cinema de Galicia, os festivais Proxecta conforman un espazo necesario: máis de 300 proxeccións de cinema galego en 2022 alén de encontros con creadores, laboratorios e actividades de formación audiovisual. Para as persoas que conforman a profesión, os festivais son un punto de encontro e, como non, a oportunidade de interacción con cineastas doutras latitudes. Atopamos en practicamente todos os festivais a súa condición de plataforma de apoio á promoción de novos talentos, non só en exhibición, senón con iniciativas que potencian a vertente dos eventos como cómplices en novas creacións e producións audiovisuais.

Tal como se recolle neste informe, os festivais Proxecta foron en 2022 un referente dentro do sistema cultural galego no compromiso coa Axenda 2030 e co desenvolvemento sustentable, polo avanzado xa, pero tamén polo afán de mellora. Os diferentes equipos dos festivais asumen que a cultura, tal como recolle o último informe da Red Española para el Desarrollo Sostenible, *La presencia de la cultura en los informes de progreso sobre el cumplimiento de los ODS*, aínda sen contar cun ODS específico, «está presente de maneira transversal en metas relacionadas coa educación, a consecución de cidades sostibles, a seguridade alimentaria, a protección do medio ambiente, o crecemento económico sostible ou o fortalecemento de sociedades inclusivas e pacíficas». Nos festivais de cinema Proxecta sábeno e, por iso, nestas conclusións de impacto 2022, é obrigado subliñar o traballo desenvolvido en igualdade, economía local e accesibilidade á cultura. Non é un fin, senón un máis que esperanzador *continuará*.



Deputación
DA CORUÑA